



UNS ORZAMENTOS PARA A RECUPERACIÓN

I. UNS ORZAMENTOS PARA A RECUPERACIÓN

Os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2013 representan un paso máis no camiño do restablecemento do equilibrio financeiro da Comunidade Autónoma, xunto cunha política de gasto adaptada para garantir a calidade dos servizos públicos esenciais e avanzar cara un novo modelo de crecemento sustentable, innovador, competitivo e solidario.

O novo modelo de desenvolvemento socioeconómico e crecemento para ser viable debe ser sustentable desde unha tripla vertente social, medioambiental e financeira: social porque debe garantir o acceso en igualdade de oportunidades de toda a poboación a uns servizos públicos esenciais de calidade; medioambiental, porque ten que configurarse desde o respecto e preservación dos recursos naturais, nun marco de innovación e competitividade; e, por último, ten que ser sostible no ámbito financeiro, de maneira que non se poña en risco a estabilidade do sistema nin se transmitan cargas que comprometan ás futuras xeracións.

Os orzamentos para 2013 afianzan a sustentabilidade que se precisa para garantir os servizos públicos básicos subministrados pola Comunidade Autónoma. Inclúen factores para desenvolver unha política económica que contribúa a resolver os problemas coxunturais no curto prazo e no prazo longo a perfeccionar a adaptación cara un novo modelo socioeconómico propio dunha rexión desenvolvida. Recollen tamén as condicións do marco de esforzo para cumprir os compromisos de Galicia no seo dos pactos para a estabilidade financeira, obxectivo este último socialmente custoso no inmediato, pero necesario para constituírmos unha base sólida sobre a que establecer un futuro crecemento intelixente, competitivo, incluínte e sostible.

As contas de 2013 e 2014 serán contas de transición, para adiantarse ao déficit cero – agás nas fases adversas do ciclo económico- como principio dun modelo socioeconómico que permita dedicar os recursos a prestar servizos e investir no futuro, e non a aplicarlos ao servizo de débedas contraídas no pasado, e contribuirán a que Galicia estea en condicións de iniciar unha senda de crecemento para afrontar o primeiro problema da nosa economía, que é o paro.

Galicia: Capacidade (+) / Necesidade (-) de Financiamento (% PIB) e Obxectivo de Débeda Autónoma


	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Capacidade (+) / necesidade (-) de financiamento (% PIB)	-0,8	-2,3	-1,6	-1,5	-0,7	-0,1	0,2
Obxectivo débeda autónoma				15,10	16,00	15,90	15,50

Fonte: Consellería de Facenda

As finanzas públicas deben ser redirixidas para restaurar a súa sostibilidade, para que os investidores recuperen a confianza no curto prazo, e para que a sociedade preserve o futuro das vindeiras xeracións. Estes orzamentos representan un paso máis cara adiante no camiño do reequilibrio das contas públicas, e supoñen nese sentido unha etapa importante

na tarefa de mellorar a posición cara a unha maior autonomía real de Galicia, posición da que algúns beneficios xa están a ser recollidos, como é a formalización dos límites de endebedamento nas mellores condicións posibles dentro do noso contorno.

Incremento Débeda/PIB 2008 (IV T)-2012 (III T)



Fonte: Banco de España

A capacidade de acudir con éxito e obter financiamento nos mercados é unha condición necesaria para obter os recursos precisos para prestar bens e servizos públicos esenciais e ao tempo avanzar no modelo de crecemento pretendido. Son, por tanto, contas públicas ordenadas, necesarias para conseguir os obxectivos de débeda pública para 2015 e que manteñen a Galicia dentro do reducido grupo de comunidades solventes, na liña de cumprir co principio preventivo de que unhas contas sen déficit evitarán que os esforzos das obrigadas estabilizacións lastren o futuro dos cidadáns.

Reflicten os Orzamentos para 2013 a imaxe económica da aplicación das políticas e reformas estruturais que melloren a produtividade da economía galega e complementen as medidas do Estado para aumentar a competitividade a o acceso ao crédito.

Na tarefa de planificar axeitadamente os territorios e os sectores produtivos, así como asegurar a educación e os servizos públicos, os orzamentos conteñen un núcleo investidor específico, constituído polas actuacións e proxectos concretos contidos no “Fondo para o Crecemento”, do que a dotación inicial poderá ser ampliada segundo os ingresos, e terá como obxectivo crear emprego, apostando polos investimentos que fagan competitivo o territorio.

Así, encóntrase nos Orzamentos para 2013, e moi en particular nas actuacións definidas no “Fondo para o Crecemento” unha exhaustiva relación das accións da Comunidade

Autónoma en favor do aumento da competitividade da economía galega, da mellora das condicións do mercado laboral, especialmente no que atangue ao problema do desemprego xuvenil, e da posición financeira do sector público autonómico, acompañando aos esforzos realizados polo Estado en ámbolos dous terreos, e mantendo ou reforzando no posible os recursos dispoñibles para reducir os custos ás empresas e aos cidadáns e dinamizar a actividade produtiva co fin de crear oportunidades para anticipar unha pronta creación de emprego. Malia a dificultade de demostrar de maneira inmediata que son eficaces, e que ofrecerán resultados ao longo do tempo, están coidadosamente deseñadas para reducir os impactos desfavorables e potenciar os beneficios.

Entre as características dos Orzamentos para 2013 está a de ser o último ano de programación das achegas e fondos europeos correspondentes ao período 2007-2013. Cara ao próximo, entre 2014 e 2020, Galicia iniciarase nunha nova categoría de rexión na que os esforzos terán que concentrarse arredores da estratexia Europa 2020 e, máis concretamente, na investigación e innovación, desenvolvemento de iniciativas empresariais, eficiencia enerxética, capacitación e formación, e igualdade de oportunidades. Esta concentración anticipase tamén en Galicia nestes Orzamentos Xerais para 2013.

Unha tarefa de carácter permanente na administración autonómica é a de procurar que o gasto público que se programa sexa dirixido de maneira eficaz, rendendo de maneira directa en razón dos obxectivos propostos. Baixo este principio, de novo todo o proceso de elaboración dos orzamentos estivo orientado por unha revisión polo miúdo dos programas de gasto, analizando todos e cada un dos proxectos, valorando o impacto dos mesmos e o grao de aportación aos obxectivos establecidos, atendendo a un claro principio de presupostación por resultados. Este procedemento queda avaliado por unha xa voluminosa batería de indicadores operativos, indicadores de avaliación e indicadores estratéxicos que facilitan o empeño dunha crecente eficiencia na xestión dos recursos públicos.

O principio de transparencia introducido pola Lei 2/2011 de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira reflíctese na ampla información que se facilita, entre outros aspectos, con respecto aos investimentos reais das empresas públicas, a evolución e as ratios de gasto e o nivel de débeda pública, débeda/PIB e débeda/ingresos correntes, risco comprometido por avais e compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado público da Comunidade Autónoma. As contas expóñense de maneira clara, nun compromiso realista que se expresa non só en termos de gasto e recursos asignados aos distintos obxectivos prioritarios, senón dunha abundante información sobre os indicadores operativos e de realización.

Finalmente, estes Orzamentos proporcionan aos axentes do sector privado das e ás demais administracións a definición das orientacións da administración autonómica nas liñas de crecemento pretendidas, diminuindo incertezas e incorporando expectativas racionais. Pretenden con elo impulsar a gobernanza conxunta entre sector público e sector

privado, institucións e cidadáns, intensificando a presenza e capacidade de cooperación entre os axentes sociais na elaboración, execución e resultados dos programas e proxectos de interese común.

I.1. Contorno económico

A economía mundial non está a medrar de modo satisfactorio. As previsións do FMI para as economías avanzadas son dun crecemento do 1,3% para 2012 e 1,4% para 2013, e as da Comisión Europea para ese mesmo grupo do 1,2% para 2012 e 1,4% para 2013. En ámbolos dous casos as últimas previsións fórmulanse á baixa con respecto ás prognosticadas apenas uns seis meses antes. O escenario é máis pesimista para a Eurozona, para a que se estima unha contracción do PIB do -0,4%.

A Unión Europea está a soportar a crise maior das últimas décadas. A fragilidade da situación acentúase por canto os niveis de débeda pública e privada acumulados restrinxen a capacidade de financiamento de novas actividades e investimentos, e, aínda que os instrumentos de política monetaria están a ser apurados, a capacidade de manobra é limitada.

A duración e intensidade da crise non axuda aos estados membro a acadar os obxectivos Europa 2020 sobre emprego, I+D, clima e enerxía, educación e loita contra a pobreza e, sen embargo, o avance nesas áreas é trascendental para dirixirmos cara un modelo económico sustentable.

Aínda que no conxunto da zona euro os endebedamentos público e privado están sendo reducidos e as exportacións incrementándose, a crise -despois de varios anos- está xerando graves consecuencias sociais. Os sistemas de benestar están sentindo o impacto negativo, o desemprego aumenta de maneira substancial e os riscos de pobreza aumentan na poboación.

O problema da débeda soberana entrou nunha fase crítica, aguda e suxeita a elementos de contaxio, na que o primeiro efecto é o de elevar as primas de risco esixidas e as conseguíntes taxas de xuro máis altas, cando non está acompañada dunha dificultade para acceder ao financiamento. O risco de colapso para as economías nacionais afectadas só admite como única solución posible a adopción de medidas que restablezan a confianza dos investidores.

Nesta adversa situación, as reformas estruturais son esenciais para consolidar a competitividade das economías europeas, pero as decisións son difíciles, cun impacto inicial con frecuencia negativo sen que o seu beneficio no prazo medio e longo sexa facilmente demostrable, se ben nos estados membros onde se emprenderon reformas importantes redúcense os desequilibrios e aumenta a produtividade.

Os esforzos na Unión Europea e na Eurozona están enfocados á restauración dos

canles de crédito, promoción da competitividade e priorización nos investimentos en educación, investigación, innovación, e enerxía como mellores instrumentos para frear o desemprego.


En paralelo, intensifícanse as reformas en terreos como modernización da administración pública, protección social, sistemas de pensións, e sistemas de saúde, aplicando melloras de funcionamento que aumenten a eficacia dos recursos empregados.

Para crear as condicións da recuperación, a Unión puxo en marcha varias iniciativas: establecemento do Mecanismo de estabilidade Europeo, adopción do Pacto polo crecemento e Emprego, novas regras de gobernanza no "six-pack", e acordos de Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza. Pola súa parte, o BCE tomou importantes medidas para salvagardar a estabilidade financeira da área euro.

España está inmersa nunha recesión que se prolonga. Segundo o análise da OCDE, o impacto negativo do desapancamento financeiro na actividade do sector privado e a necesidade da consolidación fiscal ao seren coincidentes coa crise de débeda na Eurozona provocaron unha crise bancaria, que xunto coas rixideces estruturais nos mercados laborais causan un crecente aumento do desemprego, e fan que a recuperación apareza remota.

Así, durante o primeiro semestre de 2012 agudizouse a contracción da economía española, nun contexto marcado polo endurecemento dos mercados financeiros e da débeda soberana e o debilitamento da demanda interna, só parcialmente compensada pola aportación positiva da demanda externa, xa que o consumo dos fogares, o gasto corrente das administracións públicas e aínda a formación bruta de capital fixo presentan variacións negativas. Como consecuencia, acentuouse o deterioro dos mercados de traballo, continuando a aumentar o desemprego, se ben reducíndose o seu ritmo de decrecemento.


Taxa de de PARO España e Comunidade Autónoma. III Tr 2012. Fonte EPA



Fonte: INE

España solicitou en 2012 asistencia financeira para recapitalizar o sector bancario. As expectativas xeradas polo anuncio de compra de débeda do BCE resultaron positivas para a colocación de bonos, e as grandes empresas volveron ao mercado de capitais. Os principais bancos centrais, que manteñen políticas monetarias expansivas desde finais de xullo, reduciron as tensións nos mercados financeiros. Non obstante, o crecemento mundial é feble, nun contexto de fortes incertezas.

Evolución tipos de intervención



Fonte: BCE

Mesmo o coñecemento sobre a actuación do BCE nos mercados secundarios de débeda pública xunto co cumprimento da condicionalidade fiscal orixinou un descenso da rendibilidade dos bonos e o mantemento da cualificación da débeda española polas axencias de rating, situación que o Tesouro ten aproveitado para adiantar novas emisións a un custo inferior.

O reto actual e restablecer a confianza e estabilizar a situación financeira e económica, ao tempo que se van implantando reformas estruturais. A consolidación fiscal ten un impacto negativo no prazo curto, pero é imprescindible para recuperar a confianza dos investidores, reducir os custos da débeda e crear unha flexibilidade para maior espazo de manobra da política fiscal discrecional ou dos estabilizadores automáticos.

A economía de Galicia experimentou un descenso interanual do PIB do 1,2% ao terceiro trimestre de 2012, dúas décimas superior ao descenso do trimestre anterior, aínda que inferior á diminución do PIB español nun 0,4%. A previsión para o conxunto de 2012 é dun descenso do PIB galego dun -1,1%. Ao igual que en España, aínda que con menor impacto negativo, o comportamento do sector exterior non é quen de compensar a debilidade da demanda interna: o consumo dos fogares decrece nun 2,3%, e o consumo das administracións públicas o 1,3%. Do lado da oferta, as ramas da industria rexistran un crecemento do 3,8%, primeiro positivo desde o inicio de 2010, caendo as ramas agraria, gandeira, pesqueira e, sobre todo, a construción. Coma resultante, o emprego asalariado acusa un descenso da taxa interanual do 3,6%

I.2. Previsións para 2013

No horizonte inmediato, dependendo de como se resolva a crise da débeda grega, Europa podería ir cara unha recesión, agás que se dote un maior fondo de rescate e ao tempo se proceda á capitalización das entidades financeiras. España, que parte dunha posición singularmente desfavorable con respecto á débeda pública, contempla como a capacidade do sistema financeiro para manter a solvencia e normalizar os canles do crédito é posto en tela de xuízo.

En 2013 os crecementos prevense positivos nas economías principais coa excepción de Portugal, España e Italia, que seguirán en recesión. No caso de España as estimacións son negativas ao menos ata o cuarto trimestre de 2013.

Previsións macroeconómicas para 2013. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %

	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013
PIB Mundial	3,3	3,6	--	--	3,1	3,3
Área Euro	-0,4	0,2	-0,4	-0,1	-0,4	0,1
Francia	0,1	0,4	0,2	0,3	0,2	0,4
Alemania	0,9	0,9	0,9	0,6	0,8	0,8
Italia	-2,3	-0,7	-2,2	-1,0	-2,3	-0,5
Portugal	-3,0	-1,0	-3,1	-1,8	-3,0	-1,0
España	-1,5	-1,3	-1,3	-1,4	1,4	-1,4
Reino Unido	-0,4	1,1	-0,1	0,9	-0,3	0,9
Estados Unidos	2,2	2,1	2,2	2,0	2,1	2,3
Xapón	2,2	1,2	1,6	0,7	2,0	0,8
Marrocos	2,9	5,5	--	--	--	--
México	3,8	3,5	3,8	3,3	3,7	3,5
Brasil	1,5	4,0	1,4	4,0	1,5	3,9
China	7,8	8,2	7,5	8,5	7,7	7,7
India	4,9	6,0	4,5	5,9	5,0	5,8
Comercio mundial bens e	3,2	4,5	2,8	4,7	--	--

Fonte: FMI, OCDE e Comisión Europea

○ entorno de debilidade da economía mundial, e particularmente das economías do euro non facilita as condicións da estabilización da economía española. O ritmo dos avances no terreo da crise crediticia e o tempo preciso para obter os beneficios das reformas realizadas non permite aumentos de produtividade e actividade dabondo para normalizar a situación.

○ mecanismo de supervisión bancaria do BCE non estará operativo ata 2013, pero aparecen xa algunhas condicións para a recapitalización das entidade financeiras en perigo

a través do Mecanismo Europeo de Estabilidade (MEDE)

En 2013 continuará a tendencia contractiva da economía española, pois o consumo público mantén unha tendencia decrecente, o investimento en capital fixo reforza a traxectoria descendente e o investimento en construción acentúa a caída, por máis que aumente a aportación da demanda externa e as exportacións de bens e servizos camiñen na senda do crecemento. O aforro estabilízase, pero a inversión continúa descendendo, manténdose un entorno de destrución de emprego, especialmente nos sectores asalariado e temporal.

Os indicadores adiantados de actividade seguen mostrando debilidades, aínda que algúns factores están a mellorar as expectativas e a confianza, ou cando menos minorando o deterioro rexistrado en 2012. Se continua esa tendencia, os axustes nos mercados de traballo poderán ser menores, avanzando tamén na corrección dos desequilibrios da economía.

Na actual situación, as prioridades da política económica pasan por recapitalizar as entidades financeiras e devolver a confianza no sector, mantendo a senda da disciplina fiscal e presupostaria do sector público.

Debe solventarse coa maior rapidez posible a crise financeira, procedendo á recapitalización do sistema financeiro, segundo se plasmou no “Memorandum de Entendemento” coa UE no programa de reforma do sector financeiro, transferindo os activos inmobiliarios tóxicos de maneira que se limite ao máximo o risco para as finanzas públicas e posibilite a recomposición das canles do crédito ás empresas e familias, elemento chave para a recuperación económica.

Restaurar os canles de crédito e promover a competitividade para agora e o futuro son as mellores armas para loitar contra o desemprego e as consecuencias da crise na cidadanía. Investimentos en educación, investigación, innovación, e enerxía deben ser priorizados.

Unha razón adicional a favor de finanzas controladas maniféstase no aumento en 2013 dos gastos polos intereses e a liquidación do sistema de financiamento autonómico. Neste sentido, Galicia, xunto con País Vasco e Navarra, foron as comunidades autónomas que non acudiron ao Plan de Proveedores nin ao Fondo de Liquidez Autonómica. Acadando os obxectivos de déficit adoptados en xullo deste ano, e na medida en que as previsións de crecemento non obríguen a un funcionamento parcial dos estabilizadores automáticos, estaríase en condicións de reducir o endebedamento.

Neste marco, as estimacións macroeconómicas para España en 2013, segundo os diversos organismos prevén unha caída do PIB que vai desde o 0,5% do Goberno español, ao 1,4% do FMI, e un 1,4% da OCDE e a Comisión Europea. Todas as predicións dos diferentes organismos están formadas considerando tendencias negativas: debilidade do

consumo público e privado, empeoramento das expectativas de investimento de empresas e familias.

MINISTERIO E ORGANISMOS INTERNACIONAIS	% Δ PIB	TAXA PARO
FMI (outubro)	-1,3	25,1
Comisión Europea (novembro)	-1,4	26,6
OCDE (novembro)	-1,4	26,9
Ministerio Economía y Competitividad (setembro)	-0,5	24,3
Consenso	-1,1	25,7

As diferenzas entre unhas e outras apreciacións explícanse polas estimacións da achega da demanda interna debida ao consumo dos fogares e da formación bruta de capital fixo.

España. Previsións macroeconómicas. TVA (%)

	2012				2013			
	ME	CE	OCDE	FMI	ME	CE	OCDE	FMI
PIB por compoñentes de demanda								
Gasto en consumo final nacional.	-2,4	--	--	--	-3,1	--	--	--
Gasto en consumo final nacional de fogares (1)	-1,5	-1,9	-1,9	-2,2	-1,4	-2,1	-2,3	-2,4
Gasto en consumo final das AA.PP.	-4,8	-4,9	-4,1	-4,1	-8,2	-7,2	-4,0	-5,4
Formación bruta de capital	-9,9	--	--	--	-2,1	--	--	--
Formación bruta de capital fixo	--	-9,0	-9,1	-8,9	--	-5,6	-9,0	-4,1
Variación de existencias*	0,0	--	--	--	0,0	--	--	--
Demanda nacional	-4,0	-4,0	-3,9	-4,0	-2,8	-3,8	-3,9	-3,4
Exportacións de bens e servizos	1,6	2,1	4,0	2,4	6,0	4,2	6,4	3,5
Importacións de bens e servizos	-6,7	-6,3	-4,5	-5,7	-1,5	-3,2	-1,3	-2,8
Achega exterior*	2,5	2,6	2,6	2,5	2,3	2,3	2,5	2,1
Produto interior bruto	-1,5	-1,4	-1,3	-1,5	-0,5	-1,4	-1,4	-1,3
Mercado de traballo								
Emprego. Equivalente a tempo completo	-3,7	-4,5	--	-4,4	-0,2	-2,7	--	-0,1
Taxa de paro	24,6	25,1	25,0	24,9	24,3	26,6	26,9	25,1
PIB prezos correntes								
PIB	-1,2	-1,2	-1,0	-0,5	1,2	0,5	-0,7	0,0
PIB. Niveis. Miles de Millóns de €	1.050,6	--	--	1.058,4	1.062,9	--	--	1.058,3

* Achega ao crecemento do PIB

(1) Inclúe ás ISFLSF


Fonte: Ministerio de Economía, Comisión Europea e FMI

Polo que respecta aos mercados laborais, a Comisión Europea e a OCDE prevén un comportamento peor de emprego e taxa de paro, caendo o primeiro nun 2,7% para situarse a taxa de paro entre un 26,6% e un 26,9%.

A incerteza sobre as previsións para España e a Eurozona fan que a elaboración do cadro macroeconómico galego para 2013 sexa complexa, dado o relativamente alto grao de apertura comercial da economía galega e a súa concentración xeográfica no resto de España, Francia, Italia, Portugal, Alemaña e Gran Bretaña.

En liñas xerais, é previsible que se manteñan en 2013 o diferencial positivo con respecto a España na evolución do PIB debido a unha mellor evolución do sector industrial e a menor caída da construción en 2013. Tamén se espera un mellor comportamento relativo das administracións públicas e do investimento empresarial. Polo contrario, a atonía da demanda procedente do resto de España será un factor de signo negativo.

Volume encadeado referencia 2005. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario.



Fonte: IGE

Para 2013, estímase unha caída do 0,9% do PIB de Galicia, menos intensa que o descenso do 1,1% do PIB estimado para España. En Galicia, o gasto en consumo de fogares descenderá en 2013 un 2,0%, ao igual que en 2012, debido aos efectos da diminución da renda dispoñible. O gasto en consumo das administracións caerá un 5,0%, debido ás restricións impostas polos obxectivos de déficit. Canto á formación bruta de capital, estímase un descenso do 3,2% para 2013, comportamento mellor ao de 2012 por un menor descenso no investimento en edificación, malia que os investimentos públicos continuarán diminuindo. Por último, a demanda externa neta chegará un 2,0% ao crecemento de PIB.

Cadro macroeconómicas para Galicia. Variación anual en %

	2010	2011	2012	2013
Gasto en consumo final	-1,1	-1,0	-2,3	-2,8
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-1,5	-1,0	-2,0	-2,0
- Gasto en consumo final das AAPP	0,2	-1,1	-3,1	-5,0
Formación bruta de capital	-9,2	-4,2	-5,3	-3,2
Achega demanda interna ¹	-3,1	-1,7	-3,0	-2,9
Exportación de bens e servizos	5,2	4,3	-1,9	2,3
Importación de bens e servizos	0,8	-1,7	-2,0	-1,5
Produto interior bruto (PIB)	0,1	0,3	-1,1	-0,9
Produto interior bruto nominal	1,0	1,8	-0,3	1,2
Emprego. PTETC	-3,7	-2,7	-4,0	-2,0
Taxa de paro ²	15,4	17,4	20,6	21,0

A taxa de paro estímase que se situará no 21,0%, aumentando catro décimas con relación a 2012, produto dun descenso da ocupación dun 2,0% e un aumento do número de parados arredor do 8,0%, manténdose sensiblemente inferior á taxa de paro prevista para España que, segundo as fontes, estímase entre o 24,3% e o 26,9%, sendo, en termos de consenso, do 25,7%.

I.3. Sostibilidade macroeconómica

Debido aos desequilibrios macroeconómicos acumulados polos distintos países da UE durante a década anterior á actual crise as Institucións da UE consideraron necesario establecer un Procedemento de Desequilibrio Excesivo, o cal é similar ao Procedemento de Déficit Excesivo se ben en vez de referirse ás finanzas públicas analiza a situación macroeconómica dos distintos Estados Membros da UE.

O Procedemento de Desequilibrio Excesivo introduciuse mediante a lexislación denominada "Six Pack" que entrou en vigor o 13 de Decembro de 2011, en concreto a través do Regulamento da UE 1176/2011 relativo á prevención e corrección dos desequilibrios macroeconómicos.

Este Procedemento establece un Mecanismo de Alerta que permite detectar rapidamente desequilibrios macroeconómicos e tamén permite o seu seguimento, mediante un Cadro de Indicadores que inclúe limiares indicativos.

Neste apartado imos a avaliar a situación da economía española a través de ditos indicadores e tendo en conta os limiares indicativos establecidos pola Comisión para cada un deles.

O 28 de novembro de 2012 a Comisión Europea publicou o segundo Informe sobre o Mecanismo de Alerta, dito informe reclama exames detallados da evolución dos desequilibrios macroeconómicos de 14 Estados Membros da UE (Bélxica, Bulgaria, Dinamarca, España, Francia, Italia, Chipre, Hungría, Malta, Holanda, Eslovenia, Finlandia, Suecia e Reino Unido) e tendo en conta que Grecia, Irlanda, Portugal e Romanía ao ser obxecto de asistencia financeira por parte da UE non se avalían dentro do Procedemento de Desequilibrio Excesivo, polo que so 9 países da UE non requiren análises sobre a súa situación macroeconómica.

O cadro de Indicadores que presenta España neste segundo Informe sobre o Mecanismo de Alerta é o seguinte:

Cadro de Indicadores do Procedemento de Desequilibrio Excesivo.

España	Limiar	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	
Indicadores desequilibrios externo	Saldo balanza conta corrente (% PIB) (med. últ. 3 anos)	-4/+6%	-3,6	-3,7	-3,6	-4	-5,4	-7,2	-8,8	-9,5	-8,1	-6,3	-4,3
	Posición investimento internac. neta (% PIB)	-35%	-35,6	-41,6	-45,2	-51,9	-55,6	-65,8	-78,1	-79,3	-93,7	-88,9	-91,7
Indicadores competitividade	Tipos cambio efectivos reais deflactado co IAPC (% var. 3 anos)	-5%	-2,1	1	8,8	9,7	7,9	4,3	4,2	6,2	5	0,8	-1,3
	Cotas participación mercado export. (% var. 5 anos)	-6%	2,7	6,9	5,8	2,5	5,5	-3,2	-3,2	-13,6	-7,1	-10,6	-7,6
	Custes laborais unitarios nominais (% var. 3 anos)	9%	8,1	9,4	9,3	8,5	8,8	9,2	11	13,4	11,4	4,9	-2,1
Indicadores desequilibrios interno	Prezo vivenda deflactado (% var. anual)	6%	6,2	12,6	14	13,4	10	11,8	6,4	-4,9	-5,7	-3,9	-10
	Fluxo crédito sector privado (% PIB)	15%	18,7	16,6	17,1	21,8	27,8	37	27	12,3	-3	1,4	-4,1
	Débeda sector privado (% PIB)	160%	133	140	148	160	177	200	215	221	227	227	218
	Débeda sector público (% PIB)	60%	56	53	49	46	43	40	36	40	54	62	69
	Taxa de paro (med. Últ. 3 anos)	10%	11,8	11,2	11,1	11,2	10,5	9,5	8,6	9,4	12,6	16,5	19,9
	Total pasivos sector financeiro (non consolid.) (% var. anual)	16.5%	6,9	4,6	15,5	15,1	24,6	19	16,9	4,7	3,8	-2,2	3,7
Número total incumprimentos			4	5	6	5	7	6	6	6	6	6	6

Neste Cadro de Indicadores obsérvase que no 2011 dos 11 indicadores España incumpre 6 (Balanza por Conta Corrente, Posición de Inversión Internacional Neto, Cota de participación no mercado de exportación, Débeda do Sector Privado, Débeda Pública e Taxa de Desemprego) e que desde o ano 2002 España incumpriu polo menos 5 indicadores.


Dito cadro de indicadores xa poñía de manifesto dende o ano 2002 que a situación que se estaba empezando a xerar en España podía converterse en insostible debido ao permanente desequilibrio da balanza por conta corrente, o incremento continuado do déficit na posición de inversión internacional neta (que mide para cada país a diferenza entre os seus activos e pasivos financeiros externos) pasando dun déficit do 19% no ano 1992 a un 93,7% no 2009 e tendo en conta o límite establecido do 35%, o fortísimo incremento da débeda do sector privado debido principalmente aos seus investimentos en vivendas residenciais xerando a burbulla inmobiliaria e por unha forte perda de competitividade da nosa economía a cal reflíctese a través dos indicadores dos custes laborais unitarios nominais e dos tipos de cambio efectivos reais en relación a 35 países industriais, o cal mostra a competitividade en prezos en relación cos principais socios comerciais, e nos últimos anos a través do indicador das cotas de participación no mercado de exportación mundial.

No ano 2011 a maioría de indicadores que cumpre España son nas variables fluxo (fluxo de crédito ao sector privado, total pasivos del sector financeiro, balanza por conta corrente (indicador que non cumpre totalmente no 2011 ao ser unha media móbil dos últimos 3 anos)) no que o axuste na maioría delas está sendo moi rápido en cambio nas variables stocks (débeda privada e externa) o axuste está sendo moito máis lento e requirirá moito máis tempo.

Así a Débeda Privada, despois de incrementarse entre o ano 2001 e 2010 en 94 puntos desde 133% ata 227% do PIB, redúcese no ano 2011 en 9 puntos ata 218, se ben segue case 60 puntos por riba do limiar establecido pola UE, 160%, e constitúe o noveno país da UE que ten unha débeda do sector privado non financeiro máis alta.

En canto a débeda externa e a Posición de Inversión Internacional Neto empeoran a súa situación en 2011 respecto de 2010 se ben os desequilibrios externos estanse a reducir, así o déficit da balanza por conta corrente entre os anos 2006 e 2008 superaba o 9% do PIB (100.000 millóns de euros anuais) en cambio no ano 2011 foi do 3,5% e está previsto que España teña en 2013 por primeira vez desde o ano 1998 capacidade financeira fronte o resto do mundo.

A seguinte gráfica reflicte o indicador utilizado para avaliar o saldo da Balanza por Conta Corrente, a media móbil dos últimos 3 anos cun limiar indicativo do -4% do PIB, a cal demostra que España desde o ano 2005 incumpe dito limiar.




Se ben os desequilibrios da débeda privada e externa parece que empezan a corrixirse están xurdindo outros moi importantes no mercado laboral e nas finanzas públicas.

En canto ao mercado laboral no exame exhaustivo feito pola Comisión Europea en maio do ano 2012 expón que: "o desemprego disparouse como consecuencia da contrac-

ción do sector da construción e do axuste cíclico do resto da economía, o que afectou ao emprego dunha forma desproporcionada, habida conta da acusada dualidade do mercado de traballo entre a man de obra eventual e a permanente e a centralización dos convenios colectivos, o que limita a sensibilidade dos salarios a condicións cíclicas”.

A gráfica seguinte reflicte o indicador que utiliza a Comisión Europea para analizar o mercado laboral, é dicir, a media móbil da taxa de paro dos últimos 3 anos establecendo como limiar indicativo o 10% e mostra como nos últimos 11 anos en so 3 tivemos unha media inferior ao 10% a pesar de vivir nestes anos un gran período expansivo (entre o ano 2001 e o ano 2007 o PIB incrementouse en case un 22% en cambio dita media so caeu en 3 puntos), o cal pon de manifesto os grandes problemas estruturais de que adocece este mercado.

Taxa de Desemprego (media 3 anos)




Tamén reflicte o incremento espectacular do paro producido en España nos últimos anos, así entre finais do ano 2007 ao terceiro trimestre do ano 2012 a taxa de paro en España incrementouse en 17 puntos, desde o 8% ao 25%, o cal non aconteceu no resto da UE xa que a taxa de paro na UE-27 estaba no ano 2007 no 7% e en Outubro de 2012 está no 10,7%, é dicir, un incremento de só 4 puntos e tendo en conta que a maior parte de este incremento débese a propia España.

Por último no que respecta as finanzas públicas nese informe establece que: “A débeda pública, que mantívose nun principio nun nivel relativamente baixo, aumentou rapidamente debido a medidas discrecionais de estímulo e á perda do alto nivel de ingresos tributarios que antes xeraba o sector da construción” e que: “A débeda pública supuxo un novo desequilibrio en rápido aumento en España. Aínda que a porcentaxe da débeda pública no PIB segue estando por debaixo da media da zona del euro, esa proporción está crecendo rapidamente debido ao débil crecemento, ao aumento dos pagos de intereses

e aos elevados déficits presupuestarios”.


A continuación achégase unha gráfica onde se mostra o total de débeda non financeira dos principais países da UE, diferenciando entre o sector privado e o público, se temos en conta os límites establecidos respectivamente, o 160% e o 60% do PIB, é dicir un 220% en total, so Alemaña cumpre en conxunto con ditos límites, e ponse de manifesto que España dese grupo de países é o sétimo máis endebedado cun 287% de ratio débeda- PIB.

Débeda do sector público e privado




Unha das causas deste elevado endebedamento débese ao sector privado, se analizamos o indicador da Comisión do Fluxo de Crédito ao sector privado, o cal establece un límite do 15% do PIB, observase como en todo o período que abrangue desde o ano 2001 ata o 2007 superouse o mesmo e o exceso durante os anos 2005 -2007 foi desorbitado, cun total de fluxo de crédito ao sector privado durante estes 3 anos dun 90% do PIB. Dende o ano 2008 a tendencia mudou radicalmente xa que se está a producir unha clara corrección do endebedamento do sector privado.

Fluxo de Crédito ao Sector Privado



Unha das causas deste forte endebedamento privado foi debido a construción e adquisición de vivendas durante a etapa expansiva o que provocou unha burbulla inmobiliaria moi grande, así segundo o indicador da Comisión Europea o crecemento do prezo deflactado das vivendas non debe exceder do 6%, en variación anual, analizando os datos durante o período comprendido entre os anos 2001 e 2007 superouse en todos eles dito límite e durante 5 anos consecutivos o incremento do prezo superou o 10%. Desde o ano 2008 o mercado da vivenda estase a corrixir fortemente con 4 anos consecutivos de caídas e cunha caída moi forte do prezo no ano 2011 dun 10%.

Prezo Deflactado Vivendas (% variación anual)



I.4. Reformas e medidas na priorización do gasto: A sostibilidade social e o

“Fondo para o Crecemento”

Todas as análises de perspectiva en Galicia poñen de manifesto os problemas derivados das negativas proxeccións demográficas. Afrontar este reto require aumentar a capacidade de retención e atracción da poboación, superando os actuais desequilibrios territoriais e manter a calidade da provisión dos servizos básicos esenciais, como son educación, sanidade, e atencións sociais de todo tipo.

Ao mesmo tempo, é preciso facilitar aos cidadáns o acceso a traballo de calidade e a oportunidades de desenvolvemento persoal e das iniciativas, no marco dun sistema produtivo e empresarial que compita nun sistema económico global, incidindo na formación e capacitación dos empregados e mellora da calidade dos empregos, nas iniciativas innovadoras, a cultura do risco e de emprendemento empresarial.

Ademais das cualificacións e aptitudes persoais e colectivas, a produtividade debe basearse nun eficiente emprego dos recursos, dun especial aproveitamento dos recursos naturais marítimos, costeiros, agrogandeiros, forestais, e turísticos, dos servizos de mercado, educativos e sanitarios, que faciliten as iniciativas e o liderado nos sectores fortes e competitivos.

Da diagnose da estrutura produtiva de Galicia despréndese a necesidade de lograr un maior grao de integración da economía rexional na economía mundial, unha maior apertura cara ás economías exteriores, que require un esforzo na internacionalización das nosas empresas, especialmente as pequenas e medianas, tanto no terreo comercial como no campo da innovación e da transferencia de tecnoloxías.

Nesta estratexia, merecen especial atención as actividades relacionadas co cambio climático, o aumento da eficiencia enerxética e o aproveitamento das enerxías renovables, esenciais para conseguir un sistema produtivo competitivo en custes e sostible no tempo, e onde Galicia mostra unha clara potencialidade, como son as enerxías renovables eólica e a procedente de biomasa. Sen esquecer o aforro produto da eficiencia enerxética no consumo doméstico e na loxística de transporte de persoas e mercadoría.

O Plan estratéxico Galicia 2010-2014, horizonte 2020, aprobado polo goberno da Xunta e avaliado polo Parlamento e as forzas sociais de Galicia, diseña unha folla de ruta que para os prazos medio e longo, fai fincapé nas actuacións transversais de reforzo dos factores de competitividade sinalados, nun contorno de solidariedade social, ordenación do espazo, conservación dos espazos naturais e preservación do medio ambiente.

Os Orzamentos Xerais para 2013 supoñen, como ven sendo habitual, a materialización financeira e de asignación de recursos dos obxectivos de política económica da Xunta, contida no Plan estratéxico, e abondan no perfeccionamento dun marco de actuación da administración autonómica onde a innovación e a eficiencia no emprego dos

recursos estean permanentemente presentes, creando oportunidades económicas aos actores privados e afianzando a seguridade no aprovisionamento, loxística, e sostibilidade dos recursos naturais.

Os orzamentos parten dun principio de sostibilidade e de solvencia da administración autonómica, manteñen a coherencia do gasto con respecto aos obxectivos estratéxicos fixados para o desenvolvemento social e económico de Galicia, facendo énfase na provisión dos servizos básicos fundamentais e no reforzo dos factores de éxito da economía, e camiñando na dirección de mellora na eficiencia do gasto. Unha planificación que recollendo os logros conseguidos nas melloras en infraestruturas sociais de transporte, educativas, sanitarias e equipamentos produtivos, se impulse sobre eles para constituírmonos nunha rexión próspera con capacidade de crecemento intelixente, sostible e solidario.

Dando por sentado que o marco de política económica actual é moi fráxil, e que os mercados diferenciarán aínda máis e penalizarán aos axentes públicos e privados que non estean na senda da estabilización, as decisións de gasto nos Orzamentos céntranse non só en escoller moi claramente o que se vai a facer, dentro dos límites de manobra posibles, senón tamén nun enfoque estrutural: a cuestión non se limita a axustar os orzamentos, senón en definir cómo se vai a medrar, en priorizar os recursos entre as diferentes medidas contidas nos obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico. No establecemento de obxectivos e prioridades téñense incorporado progresivamente as propostas de resolución aprobadas polo Parlamento de Galicia, xa neste orzamento.

O criterio de asignación aplicado obedece a fixar políticas de crecemento selectivo, a crear condicións favorables para un crecemento pola vía da innovación e o investimento. Tendo presente que o cambio estrutural non ofrece resultados inmediatos, as reformas máis importantes teñen lugar en educación, saúde, innovación e desenvolvemento, crecemento verde sostible, competencia, mellora dos mercados de traballo, mercados de produtos, e unha estrutura impositiva que non grave o investimento e a creación de emprego, senón máis o consumo non esencial.

Conteñen os orzamentos actuacións para fomentar os investimentos en novas tecnoloxías, mellorar o entorno empresarial, o acceso aos mercados e ao financiamento das PEME, e mellorar o ámbito da industria. Un novo modelo no que a industria volva a ocupar un lugar relevante no tecido produtivo, despois do especial protagonismo que nas últimas décadas ocupou exclusivamente a construción.

Piares para a unha nova política industrial son:

- Investimento en innovación, creando condicións para que se empreguen de maneira intensiva tecnoloxías avanzadas de fabricación, políticas industriais sustentables, vehículos limpos, construción sustentable, mercados de produtos biolóxicos, tecnoloxías facilitadores esenciais e redes intelixentes.

- Meliores condicións de mercado. Fomento da competencia e do espírito empresarial, fomento da internacionalización das PEMEs.
- Acceso ao financiamento e aos capitais: mellorar o financiamento, incluíndo os fondos estruturais, o recurso ao BEI, e fondos de capital risco.
- Capital humano e competencias, adaptación ás transformacións industriais, prever onde se poden producir desaxustes entre oferta e demanda laboral.

Na mesma dirección de mostrar aos restantes axentes económicos, e en especial ao sector privado, sinais claras facilitar a toma de decisións a longo prazo e estimular os seus plans de investimento, os Orzamentos teñen priorizado as actuacións máis favorecedoras dunha economía competitiva, inclusiva no plano social e de baixo impacto medioambiental, propiciando nunha mellor xestión dos recursos enerxéticos, auga, aire, terreo e solo, complementando a ampla normativa que sobre ordenación dos espazos e recursos naturais se ven realizando nestes anos, e que abrangue un amplo abano de materias, como o reciclado, auga, aire, terreo e solo, recursos mariños, ordenación do litoral, construción eficiente no aforro da enerxía, mobilidade e transporte.

Como elemento analítico en apoio da eficacia e impacto das medidas e programas de gasto, tal e como poderá comprobarse cando se efectúe unha análise das distintas partidas presupostarias, nos Orzamentos Xerais para 2013, dáse un paso máis no emprego de indicadores de realización e avaliación dos obxectivos, mellorando as prácticas dunha política pública deseñada para incorporar progresivamente metodoloxías de análise custo-beneficio, e empregar mais eficientemente os recursos.

A elaboración dos orzamentos conta cunha continuada revisión dos programas de gasto, analizando todas e cada unha das máis de 1.000 actuacións e proxectos nos que se materializan arredor de 200 actuacións de política económica da Xunta con incidencia presupostaria, e compoñendo un cadro de seguimento da execución e avaliación de máis de 1.700 indicadores de realización, de resultado e de avaliación, que permite medir o impacto das actuacións e o grao de consecución dos obxectivos establecidos.

A senda de estabilización financeira camiña a carón cunha política de gasto que marca claras prioridades para que os orzamentos garantan a calidade dos servizos públicos irrenunciabes, como sanidade, educación, asistencia á dependencia e inclusión social, ao mesmo tempo que inciden nos factores de desenvolvemento máis incidentes nun crecemento intelixente, innovador e competitivo, nas liñas mestras marcadas no Plan Estratégico Galicia 2010-2014, horizonte 2020.

Os orzamentos, dentro do rigor e a limitada discrecionalidade que impón a limitación dos recursos dispoñibles, constitúense como a ferramenta por excelencia para o despegue económico a largo prazo de Galicia cara o modelo sustentable de crecemento, formulado no Plan Estratégico Galicia 2010-2014. Un plan orientado na estratexia Europa 2020, cunha política de crecemento sostible, integrador e intelixente asumida polo Parlamento de

Galicia e coherente coas orientacións da política de desenvolvemento económico implantada para o conxunto da Unión e do Programa Nacional de Reformas en España. Galicia, que despois de terse beneficiado da solidariedade da Unión a través das achegas provintes das políticas rexionais e de cohesión da Unión Europea, ao abandonar a categoría de rexión en converxencia será canto máis corresponsable no desempeño do seu papel na construción do futuro compartido das rexións europeas.

En coherencia co devandito, o proceso de corrección do déficit e a asunción de reformas estruturais constitúen todo un período de transición económica no que se han de identificar e reformular os factores de desenvolvemento, polo que os Orzamentos fórmulanse nunha máis estreita relación co planeamento estratéxico, integrando o seu ámbito temporal anual coa óptica plurianual do plan estratéxico 2010-2014, horizonte 2020.

No terreo das reformas a acometer no ámbito rexional, os Orzamentos recollen determinadas orientacións do gasto en acompañamento de medidas normativas e directrices para mellora da vida dos cidadáns e a preservación do seu benestar, como as garantías sanitarias, incluíndo investimentos sanitarios en hospitais e centros de saúde, a dispoñibilidade do parque de vivendas de protección oficial a disposición de colectivos desfavorecidos, a dotación de novas prazas sociais. No eido do coñecemento, nova normativa para o ensino superior e introdución das novas tecnoloxías na educación, accesibilidade de todos os galegos á rede, e actuacións sectoriais no turismo, no audiovisual e mellorar o contorno dos cascos históricos, reducir o abandono das terras, loita contra o minifundismo, e modernización das explotacións para obter maior valor engadido dos produtos agrícolas, acuícolas e forestais. Destaca nas disposicións de carácter fiscal, as referidas a favorecer a creación de empresas e o emprendemento.

Canto ás reformas administrativas, a Lei de Orzamentos contén disposicións de acompañamento para facilitar a fusión de municipios e o impulso dos plans xerais municipais.

Os orzamentos recollen asemade os esforzos realizados pola administración autonómica para definir un modelo de administración definitivo, non improvisado, reducindo o número de altos cargos e redimensionando os entes públicos dependentes da Xunta.

Galicia ten importantes retos que aborda con rigor financeiro e planificación económica, co obxectivo inmediato de salvar a crise cunha recesión menor que a de España e taxas de paro rexistrado inferiores ás de España no seu conxunto.

Acadar no menor prazo posible unha senda de crecemento económico é un dos obxectivos fundamentais do goberno galego para os próximos anos. Este obxectivo é transversal para todos os departamentos da Xunta e ao que todos han de contribuír dentro das súas competencias e toma corpo na implementación do “Fondo para o Crecemento”.

○ Fondo de Crecemento ten por obxectivo instrumentar, vertebrar e coordinar as

actuación de cada un dos departamentos en aras ao establecemento das bases na que se fundamentará o crecemento de Galicia, potenciando os sectores produtivos, condición necesaria para mellorar as expectativas dos mercados laborais e iniciar a senda da creación de emprego.

En todo caso a definición das actuacións contidas no Fondo para o Crecemento forma parte da planificación definida no Plan Estratéxico de Galicia, 2010-2014, horizonte 2020. Dita estratexia está orientada, como xa se ten sinalado, polos obxectivos fixados na Estratexia Europa 2020, e o Programa Nacional de Reformas, o que permite potenciar os resultados ao incidir simultaneamente nas mesmas prioridades de investimento que os respectivos programas asociados tanto a nivel nacional como comunitario.

O deseño e posta en práctica do Fondo para o Crecemento dunha maneira coordinada coas estratexias e intervencións levadas a cabo tanto a nivel nacional coma comunitario van a garantir unha maior eficacia dos investimentos e das actuacións desenvolvidas ao complementárense, mellorando a eficiencia do conxunto.

A aplicación desta coordinación na política económica é, por tanto, clara demostración dos resultados positivos do principio de "gobernanza multinivel" que permite mellorar a eficacia e eficiencia do gasto público.

Esta vocación de creación de reforzo da competitividade e creación de riqueza é a mellor xustificación das dotacións financeiras do Fondo, que aos recursos ordinarios procedentes do aforo neto obtido do exame rigoroso das partidas de ingresos e gastos correntes dos Orzamentos Xerais para 2013, se engaden partidas extraordinarias.

O Fondo para o Crecemento configúrase como un instrumento orzamentario que permite a coordinación e seguimento das actuacións definidas polos diferentes departamentos. Deste xeito podemos definir os seguintes obxectivos sectoriais:

1. Potenciación da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.
2. Fortalecemento das infraestruturas de comunicación, mellorando a conectividade de Galicia tanto a nivel nacional coma internacional.
3. Dinamización económica, mellorando o tecido empresarial e industrial.
4. Mellorar o posicionamento estratéxico dos sectores agrogandeiro, acuícola e pesqueiro.
5. Formación, capacitación e empregabilidade.
6. Mellorar os investimentos en infraestruturas socias.

1.4.1. Potenciación da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación

Este é o obxectivo central das bases que perseguen acadar o desenvolvemento económico no curto prazo é un dos obxectivos da estratexia Europa 2020, acadar un crece-

mento baseado no coñecemento, sostible e respetuoso co medio ambiente e integrador.

Dentro deste obxectivo inclúense as actuacións encamiñadas a o investimento empresarial en innovación e investigación, así coma o fomento e explotación de sinerxias entre os centros tecnolóxicos, as universidades, atraendo talento a Galicia, así como o fomento da transferencia tecnolóxica mediante o desenvolvemento de novos produtos e servizos.

Outra das ramas de actuación dentro deste obxectivo é a baseada no emprego das TIC, en concreto a implantación da rede de banda longa, o desenvolvemento das TIC nas empresas de forma que permitan ofertar unha canle de comunicación e a prestación de servizos eliminando os impedimentos á comercialización dos seus produtos e servizos.

Para emprender unha efectiva modernización da administración pública, e aumentar a eficiencia dos servizos públicos, é preciso aplicar as solucións tecnolóxicas, aproveitando tanto no funcionamento interno das administracións coma nos servizos aos cidadáns a dixitalización e interoperatividade.

Liñas prioritarias para Potenciar a Investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación

Fomento de investimentos de empresas en innovación e investigación
 Desenvolvemento de sinerxias mediante colaboración coas Universidades e centros tecnolóxicos
 Potenciar a adopción de novas tecnoloxías e fase de transferencia tecnolóxica
 Desenvolvemento de novos produtos e servizos
 Continuar coa implantación da banda longa
 Fomentar o emprego das TIC nas empresas, creando novas canles de distribución de produtos e servizos
 Desenvolvemento de novas aplicacións TIC para facilitar o acceso dos cidadáns aos servizos públicos

1.4.2. Fortalecer a rede de infraestruturas de comunicación

As redes de comunicación son o elemento básico para garantir o desenvolvemento da economía ao permitir o fluxos de produtos e servizos.

As actuacións a desenvolver neste eido son a mellora da seguridade da rede viaria de Galicia, mellorando a conservación e o mantemento. A consolidación das redes de “altas prestacións” que garantan un comunicación áxil entre os puntos da comunidade de maior potencial de desenvolvemento.

Fomentar o emprego de medios de transporte alternativos que faciliten a mobilidade metropolitana, e a creación de intercambiadores que permitan unha racionalización do transporte tanto de mercadorías como de viaxeiros, así como un transporte máis limpo, reducindo a contaminación..

Liñas prioritarias para o reforzo da rede de infraestruturas de comunicación

Consolidación da rede de estradas de "altas prestacións" (VAPs)
 Investimento na rede de estradas convencionais, que permita a integración do territorio
 Mellora da seguridade vial, fomentando a conservación da rede de estradas
 Creación de intercambiadores, como mecanismo eficiente de transporte, tanto de persoas coma de viaxeiros
 Fomento de emprego de medios de transporte alternativos, que minimicen o impacto ambiental do desenvolvemento social e económico e reduzan a contaminación
 Facilitar a mobilidade metropolitana, e os medios comunicación no rural

I.4.3. Dinamización económica, mellorando o tecido empresarial e industrial

As medidas que se van a desenvolver para a consecución deste obxectivo son as que pretenden fomentar a creación de novas empresas, apoiando os novos proxectos empresariais innovadores. Así como o apoio financeiro ás empresas xa existentes mellorando a súa solvencia e viabilidade no momento de crise polo que están a atravesar.

Axuda ás empresas galegas con produtos competitivos para abrir novos mercados e mantendo a intensidade industrial en Galicia.

Mellora da competitividade das empresas galegas mediante o impulso intensivo das TIC en todas as áreas de negocio, dende a produción á comercialización. En especial, axudar á orientación das empresas galegas aos mercados exteriores e reordenación das diferentes plataformas de impulso.

Liñas prioritarias para a Dinamización económica, mellorando o tecido empresarial e industrial

Impulso á creación de novas empresas innovadoras
 Fomento para o desenvolvemento de novos produtos de alto valor engadido
 Mellora da eficiencia da produción e comercialización mediante o emprego das TIC
 Facilitar acceso a recursos financeiros, tanto para a creación como para o sostemento das empresas galegas, como "business angels" e instrumentos para pequenos emprendedores, e microcréditos
 Aproveitamento da capacidade do sector primario para a definición de novos produtos
 Facilitar o acceso das empresas aos mercados internacionais

I.4.4. Mellora dos sectores estratéxicos

Mellorar a capacidade do sector primaria que permita un aproveitamento eficiente dos recursos naturais de Galicia. En concreto fomentar o sector forestal mediante o apoio a creación de novos produtos de alto valor engadido, compatible con un uso racional do contorno natural. Fomento da calidade dos produtos agroalimentarios mediante o fomento do uso das indicacións xeográficas protexidas e marcas de calidade.

Mellorar a planificación da explotación dos recursos mariños, así como investir no desenvolvemento de novos produtos tanto da pesca como da acuicultura.

Fomento de Galicia como destino turístico, tanto a nivel nacional coma internacional. Desenvolvemento da infraestrutura turística de calidade que potencia a Galicia como destino turístico de interese internacional. Aproveitamento dos recursos turísticos mediante a definición de estratexias turísticas diferenciadas.

Liñas Prioritarias para a Mellora dos sectores estratéxicos

Investimento en sistemas produtivos eficientes que garantan a sostibilidade e o respecto do medio ambiente
 Mellora da capacidade produtiva do sector forestal
 Definición de novos produtos co aproveitamento das capacidades de produción de materias primas
 Fomento da garantía da calidade dos produtos
 Mellora da planificación da explotación dos recursos da pesca e do marisqueo
 Incrementar a capacidade e a comercialización dos produtos da acuicultura
 Fomento de Galicia como destino turístico de calidade
 Aproveitamento dos recursos turísticos na definición das estratexias de promoción
 Mellora das infraestruturas turísticas
 Fomento das Industrias culturais galegas e o audiovisual

I.4.5. Formación, capacitación e empregabilidade

Na actual situación pola que está a pasar a economía, tanto española no seu conxunto, como a galega, a xeración de emprego é unha das prioridades do goberno. Neste sentido a mellora da capacidade económica vai a ter un efecto positivo na creación de emprego; porén é necesario adoptar medidas concretas que garantan a empregabilidade dos galegos e que permitan contar cunha man de obra eficiente e cualificada.

Mellorar a empregabilidade dos traballadores galegos mediante a formación en áreas estratéxicas e que se pretenden potenciar, creando unha man de obra eficiente permitindo que unha potenciación dos efectos previstos ao reducir os custos e mellorar a produtividade. É imperativo mellorar as condicións que facilitan o emprego dos traballadores, especialmente dos xoves, o que require intensificar as accións coma a actualización continuada de coñecementos, asistencia aos buscadores de traballo, ou aumento da mobilidade intersectorial.

No campo educativo, é preciso reducir o abandono escolar temperán, e desenvolver sistemas de aprendizaxe continuado, incluíndo os traballadores maiores, e lograr unha maior conexión entre educación e sistemas de aprendizaxe e formación continuada, adecuada ás necesidades dos mercados laborais,

Outras medidas adicionais son as referidas á información sobre ofertas de emprego, fomentando as canles de comunicación que permitan mellorar o mercado de traballo, empregando as TIC para poder cruzar a oferta e a demanda dunha forma áxil e segura.

Incentivación á creación de emprego ou autoemprego, e a creación de empresas como mecanismo de fomento do espírito empresarial; o que vai a permitir o desenvolvemento de novos proxectos.

Liñas Prioritarias para Formación, capacitación e empregabilidade

Mellorar a empregabilidade dos traballadores mediante aprendizaxe permanente e formación continuada
 Incremento da calidade da formación en áreas específicas de desenvolvemento
 Fomento do espírito empresarial e do autoemprego
 Mellora do emprego das TIC no mercado laboral, facilitando o acceso tanto da oferta como da demanda
 Promoción e consolidación de empresas de economía social

I.4.6. Fomento do investimento en infraestruturas sociais

A consolidación do estado do benestar parte dunha infraestrutura básica que permita garantir o acceso e a prestación de servizos a todos os galegos.

No que se refire a infraestruturas da saúde, a mellora e consolidación dos centros de atención primaria así como a mellora dos recursos dispoñibles na atención especializada.

No que a educación se refire, a consolidación da rede de centros públicos, e a mellora dos seus equipamentos, sobre todo no que ao emprego das TIC se refire.

Nas Infraestruturas de atención á infancia, o investimento en novos centros que permita garantir a atención pública a os nenos menores de 3 anos, o que vai a garantir a conciliación da vida familiar e laboral.

Na atención aos dependentes, a mellora das infraestruturas existentes así como o incremento das prazas dispoñibles, garantindo a dignidade e a autonomía das persoas dependentes.

Liñas prioritarias para fomento do investimento en infraestruturas sociais

- Aumento e consolidación dos centros de atención primaria
- Mellora dos equipamentos de atención especializada
- Consolidación da rede de centros públicos de ensino
- Incremento dos equipamentos e aplicación de TIC dos centros públicos de ensino
- Mellora da capacidade das escolas infantís, que permitan a conciliación da vida familiar e laboral
- Aumento e mellora das infraestruturas destinadas aos dependentes